



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL. O.A., PARA O CONTROL, ANÁLISE DE TOXICIDADE E IDENTIFICACIÓN DE ESPECIES DAS PROLIFERACIÓNS MASIVAS DE CIANOBACTERIAS EN EMBALSES E MASAS DE AUGA DAS CONCAS HIDROGRÁFICAS DOS RÍOS MIÑO E LIMIA

(1) A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e como establece o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, vixente nos termos indicados na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, exerce as competencias e funcións en materia de avaliación e control do incidente que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, a avaliación dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

En concreto, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático xestiona os sistemas de observación ambiental de Galicia, entre eles a Rede de Observación Ambiental de Galicia que inclúe a rede de seguimento do estado ecolóxico das augas, sen prexuízo das competencias que corresponden á Consellería de Economía, Emprego e Industria, en aplicación da Lei 5/1995, do 7 de xuño de regulación das augas minerais, termais, de manantial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Rede de Observación Ambiental de Galicia forma parte do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia e ten a súa sede na finca de Lourizán (Pontevedra).

Esta rede constitúese como unha ferramenta que permite incrementar o coñecemento da dinámica dos ecosistemas e a súa interacción coas actividades humanas, así como mellorar a nosa capacidade de predicir a súa evolución. Integra un conxunto coherente de estacións de mostraxe nas que se rexistran de modo permanente numerosas variables ambientais.

Entre as funcións máis importantes destaca a de levar a cabo os programas de control, seguimento e diagnóstico e de calidade enmarcados na Directiva 2000/60/CE, coñecida como Directiva Marco da auga.

A Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de





Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao que lle corresponden, entre outras, as seguintes funcións previstas nos artigos 23 e 24 da Lei de Augas, segundo o seu texto refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo:

- A administración e control do Dominio Público Hidráulico.
- A elaboración do Plan Hidrolóxico da Demarcación, así como o seu seguimento e revisión.
- A definición de obxectivos e programas de calidade de acordo coa planificación hidrolóxica.
- As que se deriven de Convenios con Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e outras entidades públicas ou privadas ou dos subscritos por particulares.

(2) No ano 2007 o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia elaborou un protocolo de seguimento e control de cianobacterias nos encoros da demarcación territorial Galicia-Costa, baseado nas directrices da Organización Mundial da Saúde e a Universidade Autónoma de Madrid.

En virtude do mesmo o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia realiza mostraxes periódicas para seguir a evolución das proliferacións (en base á dinámica de concentración de clorofila e a abundancia de cianobacterias) e comunica a Augas de Galicia os resultados dos mesmos.

Durante os últimos anos viñéronse producindo, nos encoros e masas de auga das concas dos ríos Miño e Límia, proliferacións masivas de cianobacterias, estas en ocasións mostraron unha alta toxicidade, o que leva un risco para a saúde en relación cos diferentes usos da auga (abastecemento a poboación, baño, recreativo...).

Por esta razón, estímase necesario efectuar un seguimento e control destas proliferacións con identificación de especies de cianobacterias para poder identificar as especies que son susceptibles da xerar toxinas e analizar a presenza de toxinas na auga e na fase sestónica.

Este seguimento e control, é de máximo interese tanto para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio como para a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A, en tanto en canto servirán para avaliar a situación e propoñer actuacións que sirvan para manter ou mellorar o estado ecolóxico das masas de auga afectadas pola deterioración da vexetación da ribeira, o que está a alterar a hidromorfología da zona.

Acontece que a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A dispón de persoal técnico, de laboratorio e de gardería fluvial cualificado para a análise da situación e a cuantificación da toxicidade, así como para a realización de labores de campo de recoñecemento de encoros e masas de auga e labores de toma de mostras





e transporte das mesmas, pero non dispón de medios materiais e de persoal especialista para el análise de taxóns de cianobacterias e para a determinación e recuento de células de cianobacterias, traballos necesarios para a o control completo das proliferacións de cianobacterias.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dispón de medios materiais e persoais para a análise de taxóns de cianobacterias en mostras procedentes das concas dos ríos Miño e Límia, para a determinación e recuento de células de cianobacterias.

(3) O obxecto deste Convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil , O.A. para o control, análise de toxicidade e identificación de especies das proliferacións masivas de cianobacterias en encoros e masas de auga das concas dos ríos Miño e Limia, coa finalidade de coñecer, manter ou mellorar o estado de conservación das masas de auga.

(4) As actividades a desenvolver deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2018, podendo prorrogarse ata un máximo de catro anos, no caso de que así o acorde á data de finalización a Comisión de Seguimento.

(5) Xustificación do instrumento convencional. Unha das formas a través das cales as administracións públicas se relacionan tradicionalmente con outras administracións públicas, organismos públicos, fundacións, ou cos particulares, son os convenios. O convenio que se propón subscribir é un verdadeiro convenio de colaboración e non outro tipo de negocio xurídico, xa que:

- estamos ante un acordo de vontades entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil , no que se fixan unha serie de dereitos e obrigas que teñen un obxectivo común: seguimento e control das proliferacións de cianobacterias nas concas dos ríos Miño e Limia, que en ocasións mostraron alta toxicidade, o que conleva un risco para a saúde en relación cos diferentes uso da auga (abastecemento á poboación, baño recreativo ...).
- o obxecto do convenio non é a execución material dunha prestación a cambio dun prezo, nin se pode identificar a unha das partes do convenio como órgano de contratación, “cliente” que encarga, e a outra como contratista que executa. As partes non teñen interese patrimonial senón que se trata de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta a un obxectivo compartido: avaliar a situación das concas e propor actuacións que sirvan para manter ou mellorar o estado ecolóxico das masas augas afectadas. Neste sentido, a cláusula





cuarta prevé, non un prezo a cambio dunha prestación, senón unha compensación da Confederación á CMOT, polos custos nos que esta última incorra para a realización dos traballos.

(7) Polo exposto, o presente Convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; séndolle de aplicación con todo os principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen producirse, en defecto de normas específicas recollidas no propio Convenio e na citada Lei 40/2015.

(8) Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*. Así mesmo, terase en conta en relación con este convenio o establecido na *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, sobre as obrigas específicas en materia de información.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa

(asinado dixitalmente)

